

30. A despedida dun guerrilleiro

Queridos camaradas: Comezo a escribir esta carta que non sei se poderei rematar. Sei que se aproxima a miña fin, pois o vexo na cara dos meus gardiáns, e xa estou presenciando os preparativos das feras que se dispoñen a darse un festín sanguento e precisamente en vésperas de Noiteboa. Así son estes chamados católicos. Quero aproveitar o pouco tempo que me queda e tamén as poucas forzas, pois teño o meu corpo baldado, e a bala da cabeza por momentos parece que lle quere privar a eses canallas do gozo de verme colgado. (...)

Desde o día en que me colleron (sen sentido, porque con vida xamais me deixaría atrapar), non lles importou que estivese case moribundo. Primeiro foron os interrogatorios de 12 a 14 horas ata que, esgotado, perdía o coñecemento. E cando viron que con palabras e promesas nada sacaban de min, comezaron as torturas. Nin eu mesmo recoñezo as miñas mans e pés. Estiven 15 días que non podía mexar máis que sangue (...). O mesmo que case sen vida me gritaban: cantas ou te matamos!, a miña resposta foi e segue sendo a mesma: a vida poderedes quitarma, pero non a dignidade. Neses momentos lembrábame de (...) que son comunista e un guerrilleiro, e os comunistas non se acovardan, non cantan xamais. Ante isto, que importa perder a vida! (...) Camaradas, despídome de todos, dos que foron meus compañeiros de traballo, de meus irmáns guerrilleiros, da gloriosa IV Agrupación, e de vosoutros, camaradas do Partido. Despídome da miña amada Galicia, pola que dou a miña vida, con este grito que sairá da miña gorxa no derradeiro momento: Viva o Partido Comunista! Viva a República!

Segundo VILABOY MARTÍNEZ. **Carta** [enviada á Dirección do PC de Ferrol]. 17-12-1947 [cast.]

A muller tamén xogou un importante papel na resistencia, non tanto como guerrilleira, senón apoiando na retagarda, pero non por iso con menor perigo, pois as sentenzas por colaboración eran tan duras como as dos guerrilleiros.

31. A muller na resistencia

Aló polo ano 1946 caeu Manuela Sánchez. Manuela Sánchez era unha campesiña de 53 anos de idade, de Curtis, unha de tantas mulleres galegas que valorosamente poñían as súas casas e as súas vidas ao servizo da nosa causa. A súa casa era un punto de apoio seguro e serio.

Logo dunha acción arriscada, un grupo de guerrilleiros, vendo que eran xa as dúas da madrugada e que lles resultaba imposible chegar á base antes do amencer, quedaron en casa de Manuela para descansar. Pero o inimigo rastrexaba metodicamente as vilas e as aldeas, casa por casa, monte por monte, palleira por palleira, hórreo por hórreo, pendello por pendello, corte por corte. A Garda Civil entrou na casa para rexistrala. Os guerrilleiros tiveron que facer fogo (...). O combate foi longo e encarnizado. As municións dos nosos esgotábanse. Ao velo, Manuela, sen tremer, ordenoulles: "ídevos, meus fillos, e deixádemme un fusil!". (...) Manuela, ferida, bateuse ata a derradeira bala. (...) Despois de ser torturada salvaxemente, Manuela Sánchez foi asasinada alí mesmo. Viva a República!, foron a súas derradeiras palabras.

Testemuño de Francisco Rey Balbís, Moncho [xefe da Agrupación Guerrilleira de Galicia] (En Santiago ÁLVAREZ. **Memoria da guerrilla**. 1991) [cast.]

► 25. Valora o papel da guerrilla como movemento de resistencia e analiza as razóns do seu fracaso. ■

Os anos iniciais foron de supervivencia, formación e organización ata que, en 1944, se reunen os principais dirixentes para lograr unha unidade de acción que, no entanto, resultaba moi difícil de levar a cabo pola implacable persecución a que estaban sometidos por parte das forzas de orde pública, especialmente da Garda Civil. Entre 1944 e 1952 a actividade guerrilleira foi moi intensa en Asturias, León, Sistema Ibérico, Andalucía e Galicia (foron aproximadamente 10.000 os guerrilleiros). Nas guerrillas tiveron cabida todas as ideoloxías contrarias ao réxime de Franco, pero a máis significativa foi a comunista e do PC procedía o sentimento organizativo, a conciencia política e a disciplina. Aínda que as guerrillas sufriron unha grave derrota no Val de Arán (outubro de 1944), non foron erradicadas definitivamente ata 1952.

28. Principais zonas da actuación guerrilleira antifranquista




A actividade da guerrilla en **Galicia** foi excepcional no panorama español, tanto polo número de guerrilleiros como pola súa resistencia. A partir de 1950, e como consecuencia das consignas chegadas de Francia de que se debía abandonar a resistencia armada e concentrar a actividade na oposición política, a actividade da guerrilla descendeu considerablemente. Xa quedaban moi poucos guerrilleiros, pero seguían actuando algúns dos máis coñecidos, que irían caendo nas mans da xustiza franquista: *Pancho* (1954), Benigno Andrade García, *Foucellas*, o máis emblemático (1952) e Xosé Castro Veiga, *Piloto*, o derradeiro, que morre coas armas na man en 1965. Nos enfrontamentos coas forzas represoras tamén caeron moitos cargos da Garda Civil, xefes e oficiais do exército, xefes locais da Falanxe, cregos adictos ao réxime, confidentes etc. Igualmente, os guerrilleiros realizaron sabotaxes a tendidos eléctricos e telefónicos, queimaron casas e facendas de destacados perseguidores, deron golpes de man para lograr fondos económicos etc.

29. Accións guerrilleiras en Galicia (1943-1954)

<i>Enfrontamentos armados coa Garda Civil</i>	229
<i>Axustizados polos antifranquistas</i>	217
<i>Secuestros de franquistas</i>	59
<i>Sabotaxes</i>	99
<i>Guerrilleiros mortos en acción</i>	321
<i>Guerrilleiros detidos</i>	461
<i>Guerrilleiros entregados</i>	88
<i>Golpes económicos</i>	1.128
<i>Enlaces detidos</i>	5.381
<i>Gardas civís mortos</i>	61
<i>Gardas civís feridos</i>	62

B. MÁIZ VÁZQUEZ. **Galicia na II República e baixo o franquismo**. 1988



Benigno Andrade García, Foucellas.
1908-1952.

27. A oposición dos intelectuais ao franquismo

Xeneral, márchese vostede. Non está no meu ánimo ofendelo, pero si falar claro; xa que, polo visto, conserva vostede ilusións sobre o que desexan a opinión nacional e a estranxeira, e aínda sobre o que están dispostas a tolerar. Non por descortesía dígolle pois: xeneral, márchese vostede. (...)

En van intenta vostede presentar España ao estranxeiro como unha democracia. Non hai democracia que valla. Non hai argucia que tape as camisas de cor, como Hitler, as chaquetas claras, como Hitler, os pantalóns escuros, como Hitler, o saúdo romano, como Hitler, o título de Caudillo, mala tradución de Führer, como Hitler, o partido único comendado o país en plena esmorga de corrupción, como Hitler, a prensa domesticada, como Hitler, os campos de concentración, como Hitler. Xeneral, márchese vostede.



Salvador de Madariaga.

Non llo digo por ofendelo. Pero o Caudillo dun bando dunha guerra civil non vale para facer a unidade española. O home que fusilou a Companys, a Zugazagoitia, a Cruz Salido e a tantos outros innumerables non serve para facer a unidade española. Ten vostede ultraxadas e oprimidas a Cataluña, a Euscadi e a Galicia. A pesar de que vostede é galego (...) ten amordazadas as tres linguas galega, vasca e catalá; mudo o Orfeón Catalán, disperso o Instituto de Estudios Galegos de Santiago. Pero estes tres pobos teñen dereito a vivir como lles pareza nunha España que, libre, é bastante grande para todos. Como a do Señor, a de España é casa de moitas moradas. Vostede non a comprende. Xeneral, márchese vostede.

Que haxa polo menos na súa vida un acto que España poida agradecerlle. Xeneral, márchese vostede.

Salvador de MADARIAGA. **Carta ao xefe do Estado.** Novembro-1944 [cast.]

- ▶ 23. Que países recibiron o maior número de exiliados españois?
- ▶ 24. Analiza e comenta a carta de Madariaga. ■

Os partidos e grupos políticos que participaron na guerra contra o bando sublevado vivían unha situación bastante complexa, caracterizada pola falta de cohesión e obxectivos comúns entre eles. Os **comunistas** vivían momentos de tensión pola xefatura do Partido, da que saíu vencedora Dolores Ibárruri, *Pasionaria*. Entre os **anarquistas**, uns mostrábanse partidarios do comunismo libertario e outros estaban dispostos a chegar a un acordo cos monárquicos para acabar co réxime de Franco. Os **monárquicos**, ben vistos polas potencias occidentais, parecían ter máis posibilidades de éxito; ante a negativa de Franco a restablecer a monarquía, nun intento por buscar os máximos apoios posibles, os monárquicos suscribiron un pacto cos **socialistas** (Pacto de San Xoán de Luz, 1948) que acabaría rompéndose pouco despois.

2. Guerrilleiros

Mención destacada merece a oposición exercida polos grupos e partidos políticos que decidiron organizar a protesta no interior do país empregando como arma fundamental a loita armada. Son os guerrilleiros, tamén coñecidos como *maquis* nalgúns zonas. Nos primeiros momentos da guerra trátase simplemente de *fuxidos* ou escapados ao monte coa idea e a esperanza de que poderían regresar ao cabo duns días ás súas casas, unha vez que o golpe militar estivera controlado. Pero a evolución dos feitos obrigou a moitos destes fuxidos a converterse en guerrilleiros, organizando unha resistencia que durou, nalgúns lugares, ata o inicio da década dos cincuenta.